

Con Lupe Gómez en Santiago de Compostela. A escritora e a viaxe

Manuela Palacios González

Lupe Gómez ten unha imaxinación viaxeira. É quen de envolver a visita semanal á casa familiar co halo da aventura, de viaxar por carta, de encher as noites con soños de travesías e de percibir a realidade como se dun *travelling* cinematográfico se tratase. Practica o estrañamento do próximo e estende os brazos para apertar o estranxeiro, reconece o *outro* que leva dentro ao tempo que a súa voz procura ecos distintos e distantes. As diásporas daqueles que leva preto do corazón van curtindo o seu espírito. Lupe entende a viaxe como diálogo e intérnase na conversa coma nunha viaxe.

153

Na seguinte entrevista, falaremos da relación entre a experiencia galega da emigración —non tan distante— e a actitude actual cara á viaxe. O feito de que a emigración se vivise como unha experiencia traumática ou, pola contra, permitise unha vida mellor, podería afectar ao xeito no que os descendentes encaran a perspectiva da viaxe. Por outra banda, queremos comprobar se o desenvolvemento económico en Galicia dende os anos noventa favoreceu que a escritora tivese novas oportunidades de viaxar. Indagaremos nos destinos que escolle a autora e naqueles espazos que teiman en escollela a ela, na curiosidade pola diferenza e a ledicia ante as semellanzas. Preguntarémonos pola relación entre escrita e viaxe, se os lugares visitados son o xermolo de páxinas futuras e se a viaxe permite establecer colaboracións con escritores doutras nacionalidades. Interésanos especialmente analizar a relación entre muller e viaxe e saber se, despois de séculos de limitación ao espazo doméstico baixo a custodia dos homes da familia, a muller actual atopa na viaxe unha canle de liberación e autonomía. Exploran as autoras de hoxe espazos, reais ou metafó-

ricos, anteriormente hostís á participación da muller? Ocuparémonos tamén das tensións entre as raíces —os referentes identitarios fixos— e as ás, que só se ocupan de voar¹.

MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ. *Emigrou algún membro da súa familia a outros países?*

LUPE GÓMEZ. Meu tío Pedro —irmán de meu avó— emigrou a Bos Aires e na miña casa sempre se mantivo un reino de silencio sobre esa persoa. Case nunca falamos del. Ás veces teño a sensación de que ese tío non existiu. Temos poucas fotos súas. Para min a súa emigración —e a súa vida— sempre foron un misterio. Creo que era un home moi intelixente e tamén moi guapo. Gustaríame furar na Historia e coñecer as circunstancias da súa vida en Bos Aires, saber se levaba ou non a aldea de Fisteus no corazón.

MPG. *Debeuse a emigración dese tío avó ás circunstancias hostís do momento en Galicia ou foi voluntaria?*

154

LG. Meu tío Pedro emigrou cando foi a Guerra Civil. El loitou no bando republicano, e outro irmán seu loitou apoiando as dereitas. Sobre este feito tamén hai un reino de silencio na miña familia. Parece que esa guerra —que foi tan destrutiva e tan cruel— non existiu. Unha néboa moi grande enche os recordos sobre meu tío Pedro. Para min é unha persoa “atractiva”, un home con ideas de liberdade.

MPG. *Diría vostede que a súa emigración lle permitiu gozar dunha vida mellor?*

LG. Non sei se en Bos Aires tivo unha vida mellor ou peor. Eu creo que dende o punto de vista económico el non se fixo rico. Pero si que teño a sensación de que viaxou e “coñeceu mundo”. Se quedase na aldea de Fisteus el sería unha persoa distinta. Nas pouquísimas fotos que teño visto de Pedro en Bos Aires hai como “un aire de película” e el parece un “actor de cine”. Teño a sensación de que na súa roupa e no seu corpo non hai unha “mancha de terra”. As per-

¹ Esta entrevista ten a súa orixe nunha enquisa elaborada por Manuela Palacios González no marco do proxecto de investigación sobre os discursos da estranxeiría nas escritoras galegas e irlandesas actuais, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (FFI2009-08475/FILO).

soas da aldea sempre estamos “manchadas con terra”. O traxe de meu tío Pedro parece feito á medida do seu corpo e da súa vida. Eu diría que meu tío Pedro sempre está “bailando tangos”.

MPG. *A experiencia de seu tío avó marcouna a vostede na súa relación co país ao que foi, ou dalgún outro xeito?*

LG. A historia da vida de meu tío Pedro deume unha nova perspectiva: estamos aquí pero poderíamos estar noutra parte. Somos galegos pero poderíamos ser do mundo enteiro. Eu son de Fisteus pero tamén son de Bos Aires. Non sei bailar tangos pero podería aprender. Estou manchada con terra pero tamén podería ser unha actriz dunha película —a filla de meu tío Pedro parece unha actriz nas fotos. As dedicatorias desas fotos —para a familia de Fisteus— están escritas en castelán e as palabras están cargadas dunha “forza distinta” e dun aire de fotonovela.

MPG. *Cantas veces ao ano, aproximadamente, marcha de Galicia?*

LG. Eu case nunca marcho de Galicia. O desenvolvemento económico en Galicia non favoreceu que eu puidese gozar de viaxes ao estranxeiro. Entendo “a viaxe” como unha cousa moi ampla. Ir no autobús a Fisteus as fins de semana dende Compostela —e volver de Fisteus a Compostela— para min tamén é unha viaxe. Sempre digo que vou e veño no avión, porque a miña imaxinación me permite xogar con esas viaxes imaxinarias. Viaxar de verdade dáme algo de preguiza. Prefiro “imaxinar que viaxo” porque é moito máis frutífero, intenso. Vou e veño do campo á cidade, e toda a miña vida sucede nun aeroporto cheo de xente, cores, esperas... A espera forma parte —importantísima— da viaxe. O desenvolvemento económico en Galicia non permitiu que eu teña unha boa combinación de autobuses entre Fisteus e Santiago. Para ir á miña aldea tardo case unha tarde enteira —aínda que a distancia entre Fisteus e Compostela é mínima. Teño a sensación de que Fisteus está “moi lonxe”. Fálase moito do AVE, do transporte público..., pero as comunicacións son pésimas, terceiromundistas, surrealistas, e ás veces deprímome bastante.

MPG. *Cando vai ao estranxeiro, cales son os países que adoita visitar?*

LG. Gústame moitísimo ir a Portugal. En Lisboa sentinme coa barriga tan chea de barcos! Paseino tan ben! Escoitei fados nunha taberna de noite e a luz

da cidade invadíume coma se fose un tambor luminoso. Sentínme plena e borracha visitando Sintra, coma se a vida fose un conto. Porto é unha cidade elegante, altiva. Todo parece “vello” en Portugal pero ao mesmo tempo está cargado de “festa” e “creatividade”. A xente portuguesa parece galega e síntome cómoda cando estou en Portugal. Podo falar galego e o idioma non é un atranco, senón que é “un pacto”.

MPG. *Que outros países visitou?*

LG. Ás veces os países viaxan a nós, sen que nós viaxemos a ningún lugar. Unha moza portuguesa, chamada Sandra Pereira, veu vivir durante unha temporada á miña casa en Santiago. Fixémonos moi amigas. Ela tróuxome moitísima música portuguesa e libros de Peixoto, de Cesariny e de moitos autores portugueses. Aprendín —e sigo aprendendo— moitísimo con ela. Sen que eu viaxe, ela viaxa dende Lisboa a Santiago e tráeme moitas cousas que a min me parecen “marabillosas, únicas e diferentes”.

MPG. *Hai algún lugar do estranxeiro polo que sinta fascinación, tanto se xa o visitou coma se non?*

156

LG. Manteño correspondencia dende hai catro ou cinco anos co escritor inglés John Berger e sempre teño a ilusión grande de ir á aldea francesa na que el vive. Aparecer de súpeto no seu mundo, na súa casa. Cando lle envíe cartas teño a sensación de que viaxo. Un irmán meu vive en Francia case todo o ano —por razóns de traballo— e sempre imaxino que vou con meu irmán a Francia. Sempre digo que teño “un irmán estranxeiro” ao que non vexo case nunca. Ás veces teño a sensación de que ese irmán meu “non existe”. Fala correctamente o francés e é unha persoa moi intelixente coma meu tío Pedro. Ao mellor John Berger tampouco non existe. Ao mellor todo o que está tan lonxe de nós, é un “invento” ou “unha película”.

MPG. *Cantas das súas viaxes tiveron unha relación directa co seu traballo de escritora?*

LG. Só saín tres veces de Galicia para recitar poesía, cando fun a dous encontros literarios na Universidade de Salamanca. Foron experiencias boísimas, enriquecedoras para min. Tamén fun a León a participar nunha homenaxe a Miguel Hernández. Ás veces teño a sensación de que “necesito saír de Galicia”

porque aquí, neste país pequeniño, afogo un pouco con tanta escuridade e tanta auga verde. Necesito estirarme, estirar o corpo e tamén “estirar os poemas”. Ser unha “bailarina do mundo”. Gústame sentir que o contido da miña escrita dalgún xeito é “universal” e pode ser entendido en calquera parte do mundo.

MPG. *Pensa que viaxar é beneficioso para a súa escrita de creación?*

LG. É moi beneficioso. Medro por dentro, e tamén medran as miñas palabras. A vida é como un cárcere. Cando viaxamos, saímos dese cárcere. Cando me deito polas noites na miña cama e durmo, tamén teño a sensación de que “abandono o mundo”. Mentres durmo tamén estou “escribindo e soñando”. A cama é para min como unha “barquiña” na que eu viaxo toda a noite. Polas mañás cando esperto, e regreso desa viaxe pola noite e pola morte, síntome un pouco máis alta, un pouco máis libre.

MPG. *Cando viaxa, inspírase primeiro no que ve ao seu redor e agarda a volver á casa para escribir sobre o que viviu?*

LG. Escribo antes de viaxar, imaxinando as experiencias que vou vivir. Escribo durante a viaxe, anotando as cousas e os sentimentos nun caderno Moleskine de cor rosa. Vou tomando notas, mentres o autobús avanza lentamente. Teño os ollos do corazón moi abertos ante todo o que se move ao meu redor. Viaxar paréceme unha experiencia moi “cinematográfica”. Ao mesmo tempo, é un lentísimo movemento interior. Un exercicio de ioga. Cando chego á casa fago unha “crónica da viaxe” para publicala na miña páxina dominical do xornal *Galicia Hoxe*. Gustaríame escribir un libro de viaxes. Unha vez no meu xornal pedíronme un texto sobre algunha das miñas viaxes —pequeniñas e infantís. Eu pensei en escribir unha reportaxe sobre as viaxes que fago en Fisteus cando vou ao río. Ese lugar é importantísimo para min. Alí nace toda a miña poesía, todos os meus bailes. Ese río significa: “pai e nai”.

MPG. *Até que punto tratou na súa escrita as experiencias vividas fóra de Galicia?*

LG. Cando fun a Salamanca o meu amigo Pedro Serra —organizador dos encontros literarios na Universidade salmantina— preguntoume: “Viaxaches moito?”. Eu contestei: “Non viaxei nada”. El retrucou: “Pois na túa escrita parece que estás sempre viaxando, sempre en movemento”. Pasei varios veráns

na praia de Louro. Esas vacacións foron importantísimas para min —eu que fun unha nena que nunca ía de vacacións a ningures. Cando viaxei a Louro xa tiña máis de vinte anos. Pasei coa miña nai pola praia, e sentiámonos “profundamente estranxeiras, unidas e felices”. Louro para min era un lugar especial, paradisíaco. Eu andaba moito polo monte, ía ao faro, camiñaba de Louro a Muros. O mar ten unha forma de falar que resulta moi “estranxeira” para unha persoa que se criou e viviu sempre no interior de Galicia.

MPG. *É a súa produción literaria máis intensa cando está de viaxe?*

LG. Non é que sexa máis intensa, pero si que é unha “intensidade diferente”. Co paso dos anos fun facéndome maior e ese “peso da vida, das viaxes e da memoria” fai que eu sexa moito máis intensa nos recitais e na escrita. Recitei poemas de Miguel Hernández en León e a intensidade da miña voz era moi diferente da dos meus recitais galegos. Eu dicíalle ao meu amigo Antón Lopo nun SMS dende León “véxome mellor, parezo outra”. Estaba citando un poema que teño en *Os teus dedos na miña braga con regra* no que digo “véxote mellor, parecez outra”. A Antón Lopo e a min gústanos moito ese poema. El e mais eu somos “nós” pero tamén somos “outros” cando nos miramos no espello e cando vivimos nunha “onda expansiva”.

158

MPG. *As súas viaxes e estadias no estranxeiro deron pé a algunha colaboración con outros escritores?*

LG. Eu teño contacto con escritores e con persoas de todo o mundo. Teño un amigo vasco que me envía regalos —música, libros, poemas— case todas as semanas. Escribinme por correo electrónico co escritor José Luís Peixoto, ao que admiro moitísimo. A través das cartas eu conéctome con persoas como Gamoneda ou John Berger. Non me sinto “illada” porque no meu barrio de Compostela hai unha oficina de Correos que eu visito case todas as tardes e as miñas cartas voan por todo o mundo. A carteira que me trae cartas á miña casa está un pouco “estresada” porque sempre ten cartas para min. Moitas cartas. Ese intercambio é unha “felicidade absoluta” para min. Cando estiven en León o escritor José Luís Puerto díxome: “Santiago es el centro del mundo”. E ten razón. A Santiago veñen moitos escritores, moitas compañías de teatro, moitos músicos, e a “conexión mundial” é fortísima.

MPG. *As mulleres da súa familia tiveron moitas oportunidades de viaxaren?*

LG. Miña nai viaxou pouquísimo, e alégrase moito cando eu viaxo. Lembro unha viaxe importante na miña familia: miña tía Lucita era unha moza moi guapa, traballaba de costureira e viaxou a Madrid. Gardamos na miña casa as fotos desa viaxe. Ela aparece moi sorrinte nos parques da capital de España, rodeada de mulleres amigas. Esa viaxe resulta moi especial para nós porque, despois, miña tía quedou paralítica e dalgún xeito deixou de viaxar —aínda que viaxa moito coa imaxinación porque le moito. Outra tía miña viaxou para emigrar a Alemaña, pasouno mal, sufriu e despois viviu no País Vasco, e alí formou unha familia, unha vida.

MPG. *As mulleres que a rodean animárona a viaxar?*

LG. Curiosamente miña tía Lucita —que está paralítica— é a que máis me anima sempre para que eu viaxe e coñeza mundo. Dalgún xeito ela viaxa comigo cando eu vou a algún sitio. Miñas irmás tamén me animan moito para que eu viaxe. Miña nai ponse contenta cando eu vou a algún lugar recitar e sabe que eu gozo moito.

MPG. *O feito de ser muller condicionou a súa escolla de lugares aos que viaxar?*

LG. Non. Cando viaxo non penso en se son un home ou unha muller. Son simplemente Lupe e saio da rutina, abrazo realidades distintas, fúndome coa xente e co mundo.

MPG. *Como muller, tratárona de xeito diferente nalgún outro lugar de como a tratan habitualmente en Galicia?*

LG. Non fun tratada de xeito diferente en ningún lugar, aínda que é certo que cando recito fóra de Galicia eu síntome máis “desatada”. Quizais iso fai que ás veces me sinta máis valorada fóra de Galicia, porque me miran con outros ollos, e valóranme polo meu traballo, sen condicionantes, sen prexuízos.

MPG. *Viaxar faina máis ou menos consciente do feito de ser muller?*

LG. No meu libro *O útero dos cabalos* hai un poema titulado “O hotel” que resulta importante para min. Cando viaxo, gústame visitar hoteis, eses lugares nos que todas as persoas somos estranxeiras. A miña condición de muller resulta “máis visible e máis evocadora” cando estou nun hotel. Os hoteis divír-

tenme, fanme ser “máis melancólica e máis feliz”. Teño a sensación de “estar de paso” e ao mesmo tempo gustárame quedarme a vivir neses hoteis de película, de fantasía. Cando presentei no CGAC de Compostela o meu libro *O útero dos cabalos* fixen coa bailarina Branca Novoneyra un poema-coreografía que reflectía ese “estado espiritual”, esa sensación de “levidade, soño, Amor”. Dalgún xeito “unha muller é un hotel”.

MPG. *Na súa escrita, o xénero dos personaxes é un factor a ter en conta en relación á súa mobilidade?*

LG. No meu libro *Luz e Lupe* eu escribo a biografía de Luz Fandiño, unha muller de Compostela que estivo na emigración. Falando con ela, descubrí que a viaxe pode ser forzada, negativa, pero nesa negación tamén nacen aprendizaxes moi positivas e importantes. Tiven a sensación de “moverme” eu mentres ela me falaba das súas viaxes, dos seus atrancos, das súas dificultades.

MPG. *Na súa escrita, explorou espazos que foron tradicionalmente hostís á muller?*

160

LG. Luz Fandiño faloume como muller, escoitoume como muller... Naceu unha amizade importante entre nós, mentres ela me falaba de condicionantes hostís que xurdiron na súa vida, como por exemplo o enfrontamento cos curas, coas monxas, coa relixión. Ela é unha apóstata convencida. Pasouno mal por culpa da Igrexa. Eu no meu primeiro libro *Pornografía* decidín ser “unha puta” e esa palabra é un pecado moi grande. Para min ese “pecado absoluto” era unha “liberación necesaria”.

MPG. *As súas viaxes fan que cuestione a súa propia identidade como galega e a da súa contorna social, relixiosa e familiar?*

LG. Nas viaxes síntome “menos galega” e “máis galega”. Non sei moi ben como explicalo. Por unha banda eu ábrome ao mundo, podo voar e ser unha persoa “estraña”. Por outra banda valoro moitísimo máis o meu “ser galego”. O meu acento vai comigo e todos me din: “No puedes negar que eres galleguina”... Un taxista díxome: “Se te nota en la sangre y en la forma de hablar que eres gallega”. Cando me din esas cousas, eu síntome como un campo moi verde e ao mesmo tempo síntome como unha bandeira moi vermella, moi libre, moi apaixonada.

MPG. *Até que punto fai a viaxe que se sinta autónoma, libre e nunha posición de poder?*

LG. Cando viaxo síntome máis “esperta”, cos ollos máis abertos, coma se a vida fose máis “intensa”. Vexo estímulos en todas partes. Cousas novas. Horizontes abertos. Esa autonomía faime ser moi feliz, moi ancha. Cando recito eu sinto un “poder” moi grande. Gústame captar a atención da xente, e cando ante a miña voz se fai un silencio grandísimo, eu síntome “dona de min mesma”. Un recital —dentro ou fóra de Galicia— sempre é para min como unha viaxe. Un paseo pola cidade tamén é para min unha viaxe, pois acórdome do libro *El paseo* de Robert Walser. Pasear é unha experiencia tan enriquecedora, tan plástica, tan filosófica, tan teatral! Pasear tamén é unha forma de “conversar” coa xente. Un diálogo azul. Pasear pola aldea é como pasear polo deserto. Conversar coa Natureza é “entrar en éxtase”.

MPG. *Até que punto fai a viaxe que se sinta dependente dos que a rodean?*

LG. Ás veces é bonito sentirnos dependentes dos que nos rodean, porque esa é a base da vida, e dalgún xeito tamén é a base da nosa “independencia”. Non podemos ser totalmente autistas e solitarias. A viaxe —literaria— é unha magnífica ocasión para coñecer outras persoas, outros escritores, e facer amigos. A amizade xorde como unha pomba branca cando menos a esperamos. Os ríos de tinta necesitan cruzar as fronteiras invisíbeis. Compartir “a paixón pola escrita” é a cousa máis bonita das miñas viaxes literarias. Cando fun a León, e o meu admirado escritor Antonio Gamoneda recitou e falou, eu sentínme “forte e tranquila”...

MPG. *Até que punto o encontro co estranxeiro afecta á súa idea de si mesma?*

LG. Resulta necesario “saír de nós mesmas” para entendernos, para soportarnos, para querernos, para valorarnos. Se sempre estamos pechadas nun cárcere, non chegamos a coñecernos. Os paxaros necesitan voar, durmir en hoteis bonitos, soñar.

MPG. *Adoita referirse ao encontro co estranxeiro na súa escrita?*

LG. O encontro co estranxeiro é unha cuestión moi importante na miña escrita. Esa “forza estranxeira” pode ser un crocodilo, un elefante, un hipopótamo.

Sobre todo é importante na miña escrita a idea de “movemento, tránsito”. As persoas nunca deixamos de ser “artistas ambulantes”. Imos da infancia á vellez, da loucura á cordura, da aldea á cidade, da feira ao teatro, do si ao non, do branco ao negro, do pesimismo ao optimismo... Creo que a forza do noso vitalismo reside na posibilidade de cambio, nas transformacións e nos paradoxos. Na vida sempre estamos viaxando e movéndonos entre “a música e o silencio”. A necesidade de estar mudos-as e o instinto de encher a vida con palabras. Un poema meu de *Pornografía* dicía así: “As longas temporadas que pasaba lonxe de todo son o único que me queda” e titulábase “Demencia senil”.

Manuela Palacios González

Universidade de Santiago de Compostela